



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do vinte e nove de xullo de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, M^a Alicia Martínez González, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez e Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez así como a concelleira M^a Mar Villaverde Rosales. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3983.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 25 DE XUÑO DE 2014, NÚMS. 502.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta da acta anterior da sesión do pleno realizada o 25 de xuño de 2014, núm. 502 e non formulándose observación ningunha á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos quince membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

3984- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3969.- INTERVENCIÓN TERCEIRA MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS SEGUNDO PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE DEPORTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3970.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 218.1 DO REAL DECRETO 2/2004 DE 5 DE MARZO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención, 3971.- INTERVENCIÓN, CONTA XERAL EXERCICIO

2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3972.- RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16/06/2014, "12276.-OFICINA TÉCNICA, DESAFECTACIÓN DO TERREO CORRESPONDENTE AO PARQUE COSTA XIRÁLDEZ, ACTUALMENTE EN DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra; 3973.- OFICINA TÉCNICA, EXPTE.: 373/13, DECLARACIÓN COMO PÚBLICO DUN TRAMO DE CAMIÑO EN VILARIÑO, SAN XOÁN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse á interesada e deuse traslado ao Servizo de Urbanismo; 3974.- MOCIÓN DO BNG PARA SUPERAR O MODELO INSTITUCIONAL DO ESTADO ESPAÑOL E RECOÑECER O DEREITO A DECIDIR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia, 3975.- MOCIÓN DO BNG POLA GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; 3976.- MOCIÓN DO BNG PARA DENUNCIAR O ATRASO NA TRAMITACIÓN DE NOVAS AXUDAS RISGA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo e Benestar; 3977.- MOCIÓN DO PSG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DERROGACIÓN DO APARTADO "C" DO ARTIGO 41 DA LEI 9/2013, DE 19 DE DECEMBRO, DO EMPRENDEMENTO E DA COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego; 3979.- PROPOSTA CONXUNTA DO BNG, PSG-PSOE E PP RELATIVA AO ESCRITO REXISTRADO POLA CM REGA DOS AGROS - COMBARRO SOBRE A ILLA DE TAMBO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería do mar, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ministerio de Defensa, Xunta de Galicia e Deputación Provincial; 3980.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTB-2014.-Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia do Goberno e Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación; 3981.- RECTIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no BOP de Pontevedra; 3982.- URBANISMO, EXP. 460/11.- APARCADOIRO PÚBLICO NA FINCA BESADA EN ANDURIQUE, SAN SALVADOR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse ao solicitante."

A Corporación dáse por enterada.

3985.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións ditadas polo Sr. Alcalde desde a realización da sesión do último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día.

A corporación dáse por enterada.

3986.- INTERVENCIÓN/TESOURERÍA, INFORME TRIMESTRAL DO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE 2º TRIMESTRE EXERCICIO 2014.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xullo de 2014 emitíndose o seguinte ditame: " Abre este punto da orde do día o Presidente dando o uso da palabra á interventora municipal quen da conta do informe de

Intervención de data 10 de xullo de 2014 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses dende súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo de data a finalización do 2º trimestre do exercicio 2014 a 30 de xuño), é dicir, que fosen rexistradas antes do 1 de abril de 2014, sen que se procedese a levar a cabo o expediente de recoñecemento de obrigas no día da data, infórmase que ascenden a o facturas e o segundo, sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei: derivado dos datos obrantes no programa de contabilidade do que se dispón, as facturas aprobadas pero que se atopan a 30 de xuño de 2014 pendentes de abono por un prazo superior a 30 días dende a data de rexistro contable ascenden a 0 facturas e as facturas aprobadas pendentes de pago dentro do prazo de pago de 30 días ascendían a 28 facturas e a unha cantidade total de 38.896,46 €.

Ademais os pagos realizados no segundo trimestre do exercicio 2014 dentro do período legal de pago ascendían, a 30 de xuño de 2014, a un total de 516 facturas e a unha cantidade total de 952.340,43 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de xuño, a un total de 268 facturas e a unha cantidade total de 355.958,40 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local. A Comisión dáse por enterada."

Non formulándose debate ningún a Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

Neste momento entra no Salón de Sesiões o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

3987.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 18/2014 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xullo de 2014 emitíndose o seguinte ditame: " Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 9 de xullo de 2014, Memoria e Providencia da Alcaldía de data 8 de xullo de 2014 e do informe da interventora municipal de data 9 de xullo de 2014.

A interventora municipal explica o contido do expediente manifestando que se propón para a súa aprobación unha modificación de presuposto mediante suplemento de crédito por importe de 27,856,04€ xa que as aplicacións onde se pretende dotar crédito non presentan dotación orzamentaria suficiente no orzamento prorrogado do exercicio 2013.

Ante a necesidade de dotar crédito para os gastos que se mencionan na Memoria da Alcaldía para os cales non existe crédito suficiente e adecuado co fin de levar a cabo o cumprimento de compromisos adoptados se propón:" Primeiro: proceder a aprobar a modificación orzamentaria nº18/2014, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 27.856,04€. e Segundo: que se someta ao trámite de

información pública a aprobación do expediente de modificación orzamentaria tal como se establece na lexislación aplicable.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación, segundo a Proposta da Alcaldía e que se sigan os trámites legais procedentes."

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a modificación orzamentaria núm. 18/2014, mediante suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións, nos conceptos e contías que figuran na Memoria da Alcaldía por importe total de 27.856,04€.

Segundo: Someter o expediente ao trámite de información pública mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra polo prazo de 15 días hábiles, se durante o prazo establecido non se presenta reclamación ningunha a mesma este entenderase aprobado definitivamente.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3988.- ALCALDÍA, DETERMINACIÓN FESTAS LOCAIS 2015.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xullo de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Dáse conta do expediente tramitado a instancia da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Traballo e Economía Social mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 25 de xuño de 2014, núm 3196, no que solicita que se realice a proposta de festas locais para o ano 2015, e da Proposta da Alcaldía de data 4 de xullo de 2014, que, textualmente, di o seguinte: " Publicado no Diario Oficial de Galicia do 13 de xuño de 2014 número 112 o Decreto 67/2014, do 28 de maio, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2015 polo que en virtude do disposto no artigo 37.2 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores e no artigo 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo sobre traspaso de funcións e servizos da administrado do estado á comunidade autónoma dispón a determinación de dúas festas locais proposta polo órgano municipal correspondente.

Tendo en conta o anteriormente exposto e por tradición neste Concello PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Determinar como festas de carácter local do Concello de Poio para o ano 2015 o 24 de xuño (San Xoán) e 24 de setembro (Nosa Sra. Da Mercé).

Segundo: Remitir dito acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, antes do 30 de setembro de 2014”.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: Determinar como festas de carácter local do Concello de Poio para o ano 2015 o 24 de xuño (San Xoán) e 24 de setembro (Nosa Sra. Da Mercé).

Segundo: Remitir dito acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, antes do 30 de setembro de 2014.

3989.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO DE TRAMO EXISTENTE DETRÁS DO CEMITERIO DE SAN XOÁN, PARROQUIA DE SAN XOÁN (POIO).- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xullo de 2014 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta aos membros presentes do expediente tramitado de investigación de oficio de determinación do carácter público ou privado, dun tramo existente detrás do Cemiterio Municipal de San Xoán e unha vez realizados os trámites establecidos no artigo 44 e ss do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais sométese á consideración da Comisión de Facenda, Gobernación e Contas a proposta da alcaldía de data 9 de xullo de 2014 que propón: “...Primeiro: Declarar como camiño público o treito do camiño que ten o seu inicio ó rematar a zona asfaltada do núcleo de vivendas da rúa Convento e continúa en dirección norte cara a parte traseira do cemiterio de San Xoán. Dito tramo consta dunhas características de 193 metros de lonxitude, 3,29 metros de ancho medio e unha superficie de 634,37 m², ademais de tratarse de Solo Rústico Común, tal e como queda acreditado no informe de 30 de outubro de 2009 do Enxeñeiro Municipal.....”.

O Presidente da conta dos antecedentes e do resultado da proba testifical practicada.

A continuación toma a palabra a secretaria que incide novamente en ditas cuestións así como na proba documental realizada, do contido do seu informe e da ausencia de alegacións formuladas no trámite de audiencia pública para os interesados personados no expediente.

De novo o Presidente comenta cos asistentes os antecedentes históricos sobre o uso do tramo en investigación, reiterando que se ten considera sempre como público ata detrás do cemiterio, engadindo que D. Cándido Sobral tería entrada á súa finca por outro camiño.

En canto a posibilidade prevista na proposta de Alcaldía sobre a rectificación de erros no PXOM para dar cabida ao tramo que poda ser declarado no seu caso como público, o Presidente sinala que tendo en conta a escala e falta de concreción nos actuais plano de ordenación xeral do PXOM a escala 1:5000 dos viais, é preferible que se remita o actual equipo redactor da revisión do planeamento xeral para sexa tido en conta.

A comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente a proposta de Alcaldía coa emenda realizada polo Presidente respecto da rectificación de erros e propor ao pleno a súa aprobación."

A continuación o Presidente da corporación toma a palabra e da conta dos antecedentes obrantes no expediente e dos trámites realizados.

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP ACORDO:

Primeiro: Declarar como camiño público o treito do camiño que ten o seu inicio ó rematar a zona asfaltada do núcleo de vivendas da rúa Convento e continúa en dirección norte cara a parte traseira do cemiterio de San Xoán. Dito tramo consta dunhas características de 193 metros de lonxitude, 3,29 metros de ancho medio e unha superficie de 634,37 m², ademais de tratarse de Solo Rústico Común, tal e como queda acreditado no informe de 30 de outubro de 2009 do Enxeñeiro Municipal.

Segundo: dar traslado os interesados comunicándolle que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa** contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto,

consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

3990.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA OBRIGA DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS RESPECTO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA, SEGUNDO TRIMESTRE 2014.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xullo de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia pola unanimidade dos membros presentes e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta aos membros da comisión do escrito da alcaldía de data 22 de xullo de 2014 no que se pón de manifesto que unha vez cumprida pola Interventora Municipal, o 18 de xullo de 2014, a obriga trimestral de subministración de información das entidades locais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con relación aos datos referentes ao segundo trimestre do exercicio 2014 en virtude das obrigas contempladas na Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, elévase o expediente ao Plano para dar conta da información remitida.

A Comisión dáse por enterada."

Non formulándose debate ningún a Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

3991.- CONTRATOS DE ALUGUER PARCELAS SITA NA ZONA DA CAEIRA ADICADAS AO INVESTIMENTO DO PROXECTO " TRATAMENTO PAISAXÍSTICO E MUSEALIZACIÓN PETROGLIFOS ÁREA ARQUEOLÓXICO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 21 de xullo de 2014 emitíndose o seguinte ditame: "Previa declaración de urxencia pola unanimidade dos membros presentes e de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta aos membros da comisión da necesidade de proceder a prestar aprobación á addenda dos contratos de aluguer subscritos cos titulares das parcelas nas que se ubican os petroglifos ligados ao proxecto " TRATAMENTO PAISAXÍSTICO E MUSEALIZACIÓN PETROGLIFOS ÁREA ARQUEOLÓXICO".

O Presidente comenta cos asistentes que xunto co falecementos de varios propietarios a novidade máis importante que presenta o expediente e a redución do importe do aluguer debido a que no momento actual xa non existe presión na tramitación e que tampouco existe xa a madeira á que facían referencia os interesados nun primeiro momento.

A continuación toma a palabra a interventora municipal e da conta do seu informe desfavorable de 19 de xuño de 2014.

O Presidente respecto das consideracións así realizadas pola técnico municipal xunto co xa sinalado para o prezo, engade que efectivamente os terreos non aparecen inscritos no Rexistro da Propiedade e están pendentos de regularización catastral como en outros moitos casos, faltando tan so dous propietarios por prestar conformidade á modificación prevista na addenda.

A secretaria indica que emitirá o seu informe antes da celebración

do Pleno, por ter sido sometido este asunto a consideración deste órgano colexiado por urxencia.

Rematado o debate, en votación ordinaria, por catro votos a favor (grupo BNG) e tres abstencións (grupo BNG), a comisión ditaminou favorablemente a proposta de alcaldía e así:

Primeiro: levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación o expediente relativo a aprobación dos anexos-modificación dos contratos formalizados no exercicio 2008 cos propietarios afectados polo proxecto de tratamento paisaxístico e de musealización da Área Arqueolóxica de A Caeira.

Segundo: prestar aprobación o contido dos anexos-modificación dos contratos formalizados no exercicio 2008 onde figura unha renda a satisfacer a cada propietario afectado a razón de 0,40€ por metro cadrado incrementado co IVE do 21%, por un período de cinco anos de novo arrendamento.”.

A secretaria presente na sesión da conta do contido do informe emitido en sentido desfavorable con data do día no que xunto coas consideracións realizadas pola intervención municipal, faise especial referencia á reclamación previa á vía civil presentada no concello por un dos presuntos titulares das parcelas afectadas.

O Sr. Barreiro Lubián explica que na zona de petroglifos hai terreos de propiedade privada e unha vez rematado os tres primeiros anos, puxémonos en contacto cos propietarios para facer novos contratos e conseguimos reducir o prezo a 0,40 €/m/2 xa que se trata de solo rústico, tamén se modifican as anualidades de pagamento. Procedeuse a talar a madeira co visto e prace da Consellería de Patrimonio.

Neste momento hai 2 propietarios sen conformidade: 1º faleceu e despois con IPAMAR que asinan para a semana. Pásase de 5 € m/2 a 0,40 € m/2, pero non hai oposición.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal con relación o expediente relativo a aprobación dos anexos-modificación dos contratos formalizados no exercicio 2008 cos propietarios afectados polo proxecto de tratamento paisaxístico e de musealización da Área Arqueolóxica de A Caeira.

Segundo: Prestar aprobación ao contido dos anexos-modificación dos contratos formalizados no exercicio 2008 onde figura unha renda a satisfacer a cada propietario afectado a razón de 0,40€ por metro cadrado incrementado co IVE do 21%, por un período de cinco anos de novo arrendamento.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3992.- MOCIÓNS, MOCIÓN SOBRE O XENOCIDIO QUE O ESTADO DE ISRAEL ESTÁ A COMETER CONTRA PALESTINA.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo Sr. Alcalde sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser previamente ditaminada por comisión informativa ningunha, a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención.

Antes de proceder a dar lectura ao texto da moción a Secretaria presente na sesión toma a palabra para remitirse ao informe emitido e do que se deu conta ao pleno sobre a adecuada tramitación e obxecto das mocións, reiterando a necesidade de que se vinculen a ámbitos de competencia municipal.

O Sr. Alcalde explica aos asistentes que a moción que se presenta contén un alcance humanitario motivado pola situación actual entre Israel e Palestina, sendo necesario o seu tratamento para instar aos distintos gobernos a que intercedan para que a situación mellore.

A continuación pola Secretaria Xeral procédese a dar lectura ao texto da moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e que di o que segue: "Nas últimas semanas centos de persoas foron asasinadas en Gaza polo exército israelí como consecuencia das ansias imperialistas do Estado de Israel. A estratexia de aniquilación do pobo palestino non se limita a masacre dos últimos días, senón que a política xenocida practicada polo Estado de Israel, a base de detencións masivas, batidas policiais, asasinatos, destrución de casas e infraestruturas vitais para o pobo palestino pode cualificarse como un crime de lesa humanidade.

Centos e centos de cidadáns e cidadás de Galiza e doutros lugares do Estado, solidarios co pobo palestino, manifestaron nestes días a súa raiba e a súa dor; o propio Parlamento galego aprobou, no pasado mes de maio, unha resolución unánime a prol do cumprimento das resolucións das Nacións Unidas para pór fin ao sometemento do pobo palestino e recoñecer os seus dereitos colectivos. Este acordo parlamentar de todas as forzas políticas galegas propuña camiñar cara á resolución dun conflito desigual onde un Estado poderoso esmaga un pobo, asasina mulleres e crianzas e planifica a eliminación total de quen só pretende vivir dignamente na súa terra.

Cómpre manifestar publicamente a necesidade de que cesen de inmediato as hostilidades e ataques contra o pobo palestino, porque o respecto á dignidade humana non é compatíbel co escenario de asasinatos, de destrución, de xenocidio calculado que o Estado de Israel está a exercer de maneira sanguinaria e cómpre entón que a comunidade internacional defenda os dereitos do pobo de Palestina e exixa do Estado de Israel o cumprimento da legalidade internacional, concretado nas múltiples resolucións do Consello de Seguranza da ONU que este país incumpre impunemente. Como galegas e galegos non podemos permanecer indiferentes, e por iso que denunciemos o silencio cómplice que consinte esta agresión militar contra o pobo de Palestina do Goberno español e da UE porque esta é a hora de expresar a máis enérxica condena perante a operación de limpeza étnica que o Estado de Israel está a perpetrar

contra o pobo palestino na Franxa de Gaza con prácticas terroristas contra poboación civil desarmada que se teñen traducido na morte de moitas crianzas. Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

O Concello de Poio condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.

O Concello de Poio solicita a finalización do bloqueio contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.

O Concello de Poio apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.

O Concello de Poio solicita ao Goberno español que abandone a súa actitude pasiva diante deste conflito e exixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.

O Concello de Poio apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.

Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.”.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do BNG a Sra. Díaz Iglesias manifestando a necesidade de condenar este tipo de situacións a pesar de que exceda as competencias municipais e por tanto o estado como o UE son pasivos fronte os ataques de Israel. A situación é crítica: humillacións, destrución de vivendas, violación dos dereitos humanos ademais os millóns de repatriados que seguen sen regularizar a súa situación.

A continuación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista a Sra. Besada Lores adheríndose ao texto da moción, xa que consideran a situación de abuso total e absolutismo de Israel. É penoso que esté a suceder algo así a estas alturas de século e reproba que despois da experiencia que sufriu o estado xudeo durante a segunda guerra mundial, estén a repetir agora a mesma conducta co pobo palestino.

O voceiro do Grupo Municipal Popular o Sr. Moldes Martínez condena os ataques, mostrando o visto e prace ao fondo pero non á forma xa que nos vemos un ataque contra o estado xa que existe a instancia adecuada como é a ONU. E pon como exemplo ante a posterior pregunta formulada polo concelleiro D. Xulio Barreiro Lubián sobre a qué ataque se refire, ao estado fracas gobernado por un solicalista e que está a responder do mesmo xeito que España.

A Sra. Díaz Iglesias di que o Estado Español debe instar ao Estado

de Israel en base ao dereito internacional.

Estando de acordo todos os grupos municipais en emendar o texto da moción no seu punto cuarto do seguinte xeito: "...que o estado español esixa ao estado de Israel o cumprimento do dereito internbacional...", unha vez rematada a quenda de intervencións, en votación ordinaria, queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros este queda aprobado adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: O Concello de Poio condena o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a faixa de Gaza e reclama que cesen de inmediato os ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.

Segundo: O Concello de Poio solicita a finalización do bloqueo contra a faixa de Gaza, así como o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.

Terceiro: O Concello de Poio apoia o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentres non cumpra a legalidade internacional e non respete os dereitos do pobo palestino.

Cuarto: O Concello de Poio solicita ao Goberno español que esixa ao Estado de Israel o cumprimento do Dereito Internacional e das resolucións que aprobaron as Nacións Unidas desde 1948, de reparto territorial, así como a resolución 194 que obriga a Israel a asumir o dereito ao retorno da poboación palestina a súa terra.

Quinto: O Concello de Poio apoia os actos que se convoquen para expresar a repulsa social ao ataque criminal do Estado de Israel contra o pobo palestino da faixa de Gaza, e fai un chamamento á cidadanía deste concello, e á galega en xeral, para manifestar de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.

Sexto: Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao presidente do Goberno español para que obren en consecuencia.

3993.- PATRIMONIO, ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO NA REIBOA.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais polo Sr. Alcalde sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha quedando aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

A continuación dáse conta aos membros presentes da comunicación recibida da Secretaria Xeral-Patrimonio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no que para proceder á cesión gratuíta dun terreo sito na zona da marisma de Reiboa cunha superficie de 59.256 m² solicitan a remisión de documentación que xa obra no expediente así como acordo plenario no que o Concello se comprometa a inscrición da cesión no Rexistro da Propiedade, en base ao establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

A continuación, toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal

Socialista explicando que neste escrito o que se pide é o compromiso de inscribir a cesión no Rexistro da Propiedade, poñendo de manifesto que se trata dunha cesión da propiedade en ningún caso unicamente da cesión do uso. Deste xeito poderanse acometer obras como a reclamada piscina para o concello.

Unha vez rematada a exposición sométese a votación o escrito remitido polo Servizo de Patrimonio o que queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: Comprometerse á inscrición da cesión dos citados terreos no Rexistro da Propiedade sempre que a cesión se realice en propiedade e non so do uso.

Segundo: Dar traslado o presente acordo á Secretaria Xeral-Patrimonio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas xunto coa restante documentación a que fai referencia o devandito escrito, para a continuación do expediente de cesión da propiedade dos terreos incluídos dentro da zona de dominio público da Reiboá.

3994.- URBANISMO, EXP. 364/11.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO NUM. 2 NO LUGAR DE VIÑAS.- Previa declaración de urxencia de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de funcionamento, organización e réxime xurídico das entidades locais por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP dáse conta do expediente tramitado e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Urbanismo na súa sesión ordinaria realizada o 29 de xullo de 2014 emitíndose o seguinte ditame:

"ASUNTO: 7092.- EXP. 364/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE POIO, NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO NUM. 2 NO LUGAR DE VIÑAS. APROBACIÓN INICIAL

Previa lectura do informe emitido pola Arquitecto Municipal que di textualmente:

"Asunto: modificación puntual do PXOM_ previo á aprobación inicial

Obra:

Situación: Polígono 2 de solo urbano non consolidado do PXOM. San Salvador

Promotor/a: Concello de Poio

Expediente : 364/11

Logo de ver a documentación remitida o 26/11/2013 (entrada no Rexistro núm. 6672) no seo do exp. 364/11 correspondente coa modificación puntual do PXOM en Viñas, a técnico municipal emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

Consta o informe técnico favorable ao documento de inicio da modificación puntual de 27/04/2011.

Consta a Decisión de 27/06/2011 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non someter a Avaliación Ambiental Estratéxica a MP.

Consta o informe de 17/09/2013 da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, previo á aprobación inicial, de acordo co art. 85°.1 LOUG con consideracións a ter en conta no documento para a probación inicial da MP.

O 26/11/2013 recíbense dous exemplares do documento de modificación Puntual do PXOM no SUNC 2 de San Salvador (que inclúen os volumes I, de memoria e II, de documentación gráfica) redactado polo equipo formado por Camilo Rebocho Vaz, Marlene dos Santos, Bruno Oliveira e Isabel Jiménez López.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. A documentación técnica do texto remitido en novembro de 2013 para aprobación inicial da modificación puntual, incorpora as modificacións derivadas das consideracións emitidas pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o 17/09/2013 de acordo co art. 85°.1 LOUG:

- Asígnaselle o grao A, de vivenda unifamiliar illada, ás parcelas cualificadas con Ordenanza 5.
- Incorpórase un apartado 4 de memoria de sostibilidade económica, de acordo co art. 15°.4 do TRLS e 60°.1.i) LOUG. Neste apartado avalíase o impacto da actuación urbanizadora nas facendas públicas, os ingresos municipais xerados, a suficiencia e adecuación do solo aos usos produtivos e conclúese que a implantación dos usos previstos no eido da MP non representará incremento dos gastos de investimento para o Concello e si un incremento nos ingresos.
- No plan de Etapas (apartado 3.2 da Memoria) fíxanse prazos para a 1ª fase de urbanización dende a probación definitiva da MP. Respecto á 2ª fase de edificación, indícase que non se prevén etapas e que a execución da edificación será simultánea cos prazos da urbanización.
- Indícase no apartado 2.9.5 da Memoria que a reserva de solo para vivenda sometida a algún réxime de protección materializarase na parcela RP 01, cuxa edificabilidade representa un 34,7% da total do ámbito (superior ao 30%).

2. É preceptivo o informe do IET en materia de POL, tal e como indica o informe da Secretaría Xeral de Territorio e Urbanismo o 17/09/2013.

3. É preceptivo o informe en materia de Aviación Civil, tal e como indica o informe do asesor xurídico (at) de 12/12/2013.

INFORME

Polo exposto, informo favorablemente o documento da modificación puntual do SUNC 2 do PXOM recibido o 26/11/2013, sen prexuízo das consideracións que resulten dos informes sectoriais en materia de POL e Aviación Civil."

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que dí textualmente:

" ASUNTO URBANISMO: EXPEDIENTE 364/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE POIO, NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO N° 2, NO LUGAR DE VIÑAS, PARROQUIA DE SAN SALVADOR. APROBACIÓN INICIAL POLO CONCELLO DE POIO.

Visto o expediente n° 364/11, de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, no solo urbano non consolidado n° 2, no lugar de Viñas, parroquia de San Salvador de Poio, para aprobación inicial polo Concello de Poio; e segundo o disposto no Plan de Ordenación vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011, de 10 de febreiro polo que se aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), teño a ben emiti-lo seguinte informe:

Primeiro.- Con fecha 11 de xullo de 2011, ten entrada no Concello de Poio, un oficio do Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental, de 27 de xuño de 2011, remitindo ao Sr. Alcalde a decisión sobre a non necesidade de sometemento á avaliación ambiental estratéxica desta modificación puntual do Plan Xeral, no ámbito do SUNC - 2, promovido polo Concello de Poio, e localizado na parroquia de San Salvador, Concello de Poio (Pontevedra); achegando igualmente copia das observacións e alegacións recibidas durante o periodo de exposición pública do documento de inicio dos organismos de **Augas de Galicia, Subdirección Xeral de Paisaxe e Territorio e particular.**

Segundo.- Con data 28 de xullo de 2011, remitiuse ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, dita documentación da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, para que remitira ao Concello de Poio, o documento completo subsanando as observacións expostas por ditos organismos.

Terceiro.- Con data 19 de setembro de 2012, ten entrada no Concello de Poio, oficio da Directora Técnica de Solo, de 18 de setembro de 2012, comunicando que, de conformidade cos artigos 85, 93 e 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, achéganse en soporte papel e informático para a súa aprobación inicial, dous exemplares da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do SUNC - 2 de San Salvador de Poio.

Cuarto.- Con data 6 de xuño de 2013, a arquitecto municipal de Poio, emite informe respecto á modificación puntual que tivo entrada no Concello o 19 de setembro de 2012, cuxa modificación consta de dous volúmenes, sendo redactada por Camilo Rebocho Vaz, arquitecto director de equipo, Marlene Dos Santos, arquitecto, Bruno Olivera, arquitecto

colaboradores e Isabel Giménez López, arquitecta asesoría técnica e cuxo informe da arquitecta municipal é favorable para á remisión da modificación puntual á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para informe previo á aprobación inicial.

Quinto.- Con data 17 de setembro de 2013, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emite informe da modificación ao abeiro do establecido no artigo 85.1 en relación co artigo 93.4 da LOUGA, coas observacións que se indican en dito informe; e remitido o informe ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, con data 26 de novembro de 2013 ten entrada no Concello o proxecto de modificación puntual de dito ámbito, unha vez feitas as correccións esixidas no informe de 17 de setembro de 2013, da Secretaría Xeral da Consellería.

Sexto.- Con data 12 de decembro de 2013, esta asesoría emitiu informe indicando o seguinte: *"Sen prexuízo do informe que emita a arquitecta municipal, sobre o novo documento entregado o 26 de novembro de 2013, antes de que o Pleno do Concello poida proceder á aprobación inicial do mesmo, deben solicitarse os informes previos á aprobación inicial esixidos polo decreto 20/2011, de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, tanto no que se indica no artigo 102.4 de dito decreto, sobre cumprimento da modificación puntual das determinacións do POL, como o indicado tamén en dito decreto informe previo da Dirección Xeral de Aviación Civil, de conformidade co disposto no Real Decreto 2591/1998, por estar incluída a modificación en un área afectada pola servidume do Aeroporto de Vigo"*.

Sétimo.- E habéndose solicitado os informes salientados, con data 27 de marzo de 2014, ten entrada no Concello de Poio o informe emitido, con data 20 de marzo de 2014, pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, indicando que as condicións da nova ordenación proposta adecúanse ás normas xerais para o desenvolvemento dos solos dispostas no artigo 61 do POL.

E igualmente, con data 5 de xuño de 2014, ten entrada no Concello o informe do Subdirector Xeral de Aeroportos e Navegación Aérea, de 28 de maio de 2014, informando favorablemente á "modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, do S.U.N.C. 2 de San Salvador" (Pontevedra), no que a servidumes aeronáuticas se refire, **coas condicións impostas por este informe, sempre e cando as construcións propostas ou obxectos fixos (postes, antenas, carteis, etc...), non vulneren as servidumes aeronáuticas.**

E imponiéndose neste informe, a condición de que **a modificación puntual deberá incorporar entre os seus plans normativos, o plano das servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo, debendo deixar constancia expresa do párrafo anterior na normativa da súa documentación.**

Polo que, o contido deste informe de Aviación Civil debe trasladarse ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, para que, solicite do equipo redactor da modificación puntual a inclusión desta condición de Aviación Civil, na normativa e nos planos da modificación puntual.

Octavo.- A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no artigo 85.2, establece o seguinte:

"O concello que o formulou procederá á súa aprobación inicial, e, a continuación o plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado...será sometido ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicara no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo darase audiencia aos municipios limítrofes. Non será necesaria a notificación do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados.

Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a administración municipal deberá recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinale outro prazo.

E o artigo 93.3 da mesma Lei establece "que nos demais supostos, a alteración das determinacións do Plan se considerara como modificación do mesmo, aínda cando dita alteración conleve cambios aislados na clasificación, calificación do solo ou limitación do ámbito dos polígonos".

E o artigo 94.1 considera que "calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas" e así consta probado no expediente tramitado.

*Por todo isto, **informo** que pode o Pleno do Concello de Poio, previo dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, e informe dos técnicos municipais que procedan, no seu caso, proceder por maioría absoluta a aprobar inicialmente a modificación puntual de ordenación municipal do Concello de Poio, do S.U.N.C. 2 de San Salvador, entregado no Concello o 26 de novembro de 2013, de conformidade con previsto no artigo 47.2 ll), da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local, seguindo os trámites indicados no apartado octavo deste informe, sometendo a modificación a información pública, dando audiencia aos municipios limítrofes e solicitando os informes sectoriais correspondentes, que non foran solicitados e emitidos antes da aprobación inicial e que constan xa no expediente administrativo."*

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente:

"Asunto: proxecto de modificación puntual do PXOM

Situación: Solo urbano non consolidado nº 2, Viñas, San Salvador

Interesado: Concello de Poio

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có

establecido no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro , e art. 85.1º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA) , emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito.

- Relatados no informe emitido con data 9 de xullo de 2014 polo asesor xurídico vinculado ao concello por un contrato administrativo de servizos.
- Informe de secretaría de 11 de maio de 2011.

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Alcalce do informe

Segundo o artigo 85.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA en diante):

"Terminada a fase de elaboración do planeamento e antes da súa aprobación inicial, os servizos técnicos e xurídicos municipais haberán de emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada, tras o cal o expediente completo será remitido á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio para o seu informe, que haberá de ser emitido no prazo de dous meses. Transcurrido dito prazo sen que se teña comunicado o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar coa tramitación do plan."

Segunda.- Fase procedimental

Analizados no previo informe de secretaría outros aspectos ligados aos aspectos regrados e discrecionais do expediente (competencia; procedemento; motivación; informes sectorais...), cabe sinalar:

- Tal e como se reflicte no informe do asesor xurídico e no informe da arquitecta municipal de 19 de decembro de 2013, teñen sido emendadas as deficiencias advertidas no informe emitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Urbanismo ao abeiro do referido art. 85.1º LOUGA.
- Sen prexuízo do que poda ser sinalado pola intervención municipal sobre a nova documentación achegada ao expediente, deberá igualmente darse cumprimento ao indicado polo Ministerio de Fomento no seu informe de 28 de maio de 2014, número rexistro de entrada 2751.

De ser aprobado inicialmente a modificación na forma e procedemento que partindo do art. 85 LOUGA se plasma no informe do asesor xurídico, a

xuizo desta técnico, deberase adaptar a planimetría para dar acollida ás servidumes aeronáuticas do aereopuerto de Vigo con caracter previo á realización de trámites posteriores (información pública...).Poio, 28 de xullo de 2014.A secretaria. [Paula E. Ramos Díaz](#).”

Esta Comisión, por cinco votos a favor (BNG+PSOE) e tres abstencións (PP) acorda:

Primeiro: Informar favorablemente a aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, no solo urbano non consolidado nº 2, no lugar de Viñas, parroquia de San Salvador de Poio, promovido polo Concello de Poio para os efectos de proseguir cos trámites marcados polo art. 85 Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Segundo:Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).”

Con data 29 de xullo de 2014 incorpórase ao expediente informe emitido pola Intervención Municipal, dando conta aos asistentes do mesmo pola secretaria municipal analizando as súas consideracións e implicación que a posta en marcha do expediente de xestión urbanística reportará ao concello dende un punto de vista económico-financieiro e de sostenibilidade no tempo da actuación que cos datos actuais será deficitaria e implicará renunciar a outro tipo de actuacións.

Toma a palabra o Concelleiro Delegado de Urbanismo o Sr. Barreiro Lubián explicando que se trata dun polígono complicado (SU non consolidado) pero que foi elixido para un proxecto europeo. Existía un problema coas ondas e para solucionalo tramítase esta modificación puntual non xerando problemas para o concello, redúcese un tercio a edificabilidade e por tanto non se vai desatrollar, por iso non comprendo o informe emitido pola Intervención Municipal xa que non vai traer cargas para o concello nin agora nin máis tarde, polo que non comprende nin comparte as consideracións realizadas pola intervención municipal.

O Sr. Alcalde reitera os argumentos expostos polo concelleiro delegado de urbanismo así como os antecedentes do expediente. Os interventores sempre son prudentes , máis de aplicar esa filosofía de traballo non se acometerían no concello moitas actuacións que teñen xa reportado para o concello incremento de poboación e de patrimonio. Poio ten esperanzas para poder seguir a crecer aínda que recoñece que polo de agora non ten moita capacidade para abordar a execución do polígono.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión informativa de Urbanismo o que queda

aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP o que queda aprobado adoptándose o seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Poio, no solo urbano non consolidado núm. 2 no lugar de Viñas parroquia de San Salvador promovido polo Concello de Poio para os efectos de proseguir cos trámites establecidos no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Segundo: comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á Delegación concedida a ese organismo pola orde do 6 de marzo de 2003 (DOG DE 12 DE MARZO DE 2003 9º 1C)

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

ROGOS E PREGUNTAS.- Prodúcense as seguintes:

O voceiro do Grupo Municipal Popular o Sr. Moldes Martínez, en relación coa situación da praia do Laño formula as seguintes preguntas:

1º.- Porque se procedeu ao seu precintado e se restrinxiu o seu acceso.

2º.- Quen deu as ordes de precintado.

3º.- Cales foron os motivos polo que se procedeu a súa apertura.

O Sr. Alcalde di que son tres preguntas e como hai veciños presentes hai que falar dos antecedentes:

- o xoves 24 de xullo nas dependencias do Concello recíbese un fax da Consellería de Sanidade cos resultados das análises no que dá positivo en parámetros elevados de "colis" (tendo en conta que Sanidade usa os parámetros de 4 anos anteriores) e de acordo coa normativa o que se fai é informar aos bañistas desta situación colocándose ese mesmo día, ao redor das 15.30 horas un cartel informativo no modelo facilitado pola Consellería de Sanidade, que desapareceu, indicándose por Sanidade que o luns levaríase a cabo un contraanálise.

- O sábado tendo en conta que segundo o 112 a información facilitada polo concello non é suficiente, Protección civil en coordinación co 112 a amplía pero nunca se pechou a praia, e por iso se cercou. Pero vendo que era un exceso de celo, permitiuse que entrase a xente.

Os funcionarios do Concello limpian as praias con frecuencia.

O que se aclara á Consellería é que o día 26 non se realiza a contra-análise.

Con esta explicación, o Sr. Alcalde pregunta se se dá por contestada ás preguntas formuladas.

O Sr. Moldes Martínez pregunta porque a única praia pechada de Galicia é en Poio, quen deu a orde xa que se trata dunha orde moi

drástica e con repercusión mediática. Non se pode actuar dunha maneira tan apresurada.

O Sr. Alcalde reitera de novo o xa manifestado por que considera que non se lle entendeu ben e di que en ningún momento deu orde de pechar o acceso si de facilitar información a través de carteis, tratouse dunha mala interpretación das ordes. Ás dúas horas despois aproximadamente, levantouse o cercado.

O Sr. Moldes Martínez reitera a pregunta realizada no Pleno do mes de xuño en relación coa situación de Consultora Galega, SL., empresa encargada da elaboración do Plan Xeral xa que desde o concello non se recibiu ningunha información.

O Sr. Barreiro Lubián contesta que non hai ningún problema que de feito seguen presentando documentación unicamente se trata dun problema de liquidez.

O Sr. Moldes Martínez fai ademais o seguinte rogo: as nais de Raxó puxéronse en contacto con el xa que no parque infantil por non estar en bo estado a delimitación do seu perímetro, entran cans con pulgas que terminan por pasar aos pequenos.

Contesta o Sr. Agís Gómez explicando que xa se procedeu a avisar á empresa CESPAN, trátase dun problema de avespas e o mércores procederase a súa fumigación.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.